



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA
ONCE DE DECEMBRO DE 2024 CON CARÁCTER ORDINARIO**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde -Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde:	D. MANUEL COSTA CARNEIRO D ^a . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA D ^a . DIANA VARELA BARREIRO
Escusa asistencia	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
Secretaria	D ^a . MERCEDES PEREIRAS CALDELAS

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e corenta minutos do día once de decembro de dous mil vinte e catro baixo a Presidencia do Sr. Alcalde -Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (19/11/2024)

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día dezanove de novembro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade.

2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Instancia de D. Genaro José Couto Carou. (Expediente municipal número 2024/U018/000005)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado solicita licenza para parcelamento de finca (número 40 da concentración parcelaria de Trobe (San Andrés)) en dúas (2) parcelas resultantes e unha (1) parcela de cesión para regularización da vía, en Malfurado - Trobe (San Andrés), nos termos da documentación técnica achegada asinada por José Manuel Pena Alonso en calidade de enxeñeiro técnico agrícola e de data 30/08/2024.

A parcela atópase en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello como De expansión dos núcleos rurais (N-2), se ben unha das parcelas resultantes ten unha parte cualificada como rústico polo PXOM do concello de Teo ao non coincidir os límites municipais entre os documentos de planeamento dos concellos de Vedra e Teo. Catastralmente a parcela figura toda en Vedra e forma parte do plano de concentración da parroquia de Trobe (San Andrés) Vedra.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe dos servizos técnicos municipais, acorda conceder a licenza para parcelamento da finca descrita no proxecto mencionado, emprazada no lugar de Malfurado - Trobe (San Andrés) nos termos do proxecto achegado e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesouraría municipal, e que ascenderon á cantidade de cento vinte euros (#120,00#.)

Así mesmo, e á vista do disposto nos artigos 24 e 150 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión para a regularización da vía nos termos do disposto na



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.gal



documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto número 2.3 de 272,14 m². e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao inventario municipal de bens. Debe achegar escritura pública, inscrita no rexistro da propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión.

2.2.- Comunicación de obra de D^a. Natalia Vigo Barreiro. (Expediente número 2024/U026/000077)

Dáse conta do expediente de comunicación de obra promovido por dona Natalia Vigo Barreiro para obras de conservación de muro de peche existente, de 50 metros de largo, consistente en cambiar postes e arame e revestir a base.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 002502100NH34B, emprazada en Calzande, 9 - Sales (San Xián), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Solo rústico de especial protección de espazos naturais. (R-6), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.3.- Comunicación de obra de D. Benito Pérez Alonso. (Expediente número 2024/U026/000080)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Benito Pérez Alonso para instalación fotovoltaica de autoconsumo de 6.16 kwp en vivenda unifamiliar. Instalación de 14 paneis de 440w, nos termos da documentación técnica achegada asinada por Darío Martínez Carreño en calidade de enxeñeiro técnico industrial e de data 02/12/2024.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090B50202085, emprazada en Nande, 74 - Sales (San Fins), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais. (N-2), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento oito euros con corenta e sete céntimos (#108,47#).

2.4.- Comunicación de obra de dona M^a. Carmen Fernández Castro. (Expediente número 2024/U026/000066)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona M^a Carmen Fernández Castro para rehabilitación de edificación auxiliar consistente en retirar a tella e as vigas que estean deterioradas e repoñer as vigas (de ser o caso) e colocar uralita e tella. A vivenda figura no catálogo do vixente PXOM deste concello coa numeración B-02.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Dáse conta da autorización outorgada pola Dirección xeral do patrimonio cultural de data 21/11/2024, expediente: 3223/24, coas seguintes condicións: o material de cobertura será o tradicional do lugar, a tella cerámica vermella. O voo dos beirís da cuberta será semellante aos existentes tradicionalmente. Coidarase que o fibrocemento baixo a tella non quede visible ao exterior. As obras non afectarán ao volume nin morfoloxía do inmoible. Non poderá aumentarse en altura o cumio do tellado.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 002100900NH43G, emprazada en Viño grande, 7 - Illobre (San Andrés), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais (N-1), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada, aos datos comunicados e ás condicións impostas por patrimonio cultural.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta e tres euros con corenta e tres céntimos (#53,43#).

2.5.- Instancia núm. 202499900001203 de UFD Distribución Electricidad, S.A. (Expediente número 2024/U022/000035)

Dáse conta da citada instancia na que dona Ana María Salgado López, en representación de UFD Distribución Electricidad S.A, solicita licenza para obras de desmonte de 3 apoios de baixa tensión para substituír por outros novos, nos termos da documentación técnica CPP RET RBT DA RAMALLOSA (TEO-VEDRA), 618522110265, para atender petición de recuamento para desprazar apoios e liñas para instalacións de marquesiñas e carrís de autobús na AC-241 en Sarandón - Sarandón (San Miguel) e Xián - Trobe (San Andrés) (expediente núm.: 2024/U022/000035), nos termos do proxecto técnico achegado asinado por Susana Casais Pérez, en calidade de enxeñeira técnica industrial, cun orzamento provisional de 4.788,81 euros.

Dáse conta tamén das seguintes autorizacións sectoriais:

-Da Axencia galega de infraestruturas, expediente número IF204A/AC/2024/0855, emitida con condicións.

-Do Servizo de vías e obras da Deputación Provincial de A Coruña, expediente 2024000025059, emitida con prevencións.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais, e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada de obra e ocupación do dominio público, debendo axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á documentación técnica achegada de data 22/11/2024, así como ao contido das autorizacións sectoriais.

As obras deberán adaptarse ao disposto no R.D. 1627/1997 de 24 de outubro sobre Disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, quedando baixo a responsabilidade do promotor o cumprimento do mesmo. Ademais e de acordo co art. 3 do mesmo R.D. 1627/1997, se na obra interveñen máis dunha empresa ou traballadores autónomos, o promotor deberá



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



nomear un coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra, informando ao concello e á autoridade laboral competente.

Os residuos derivados da obra deberán ser entregados a xestores autorizados para o seu tratamento en plantas de reciclaxe ou depósito en vertedoiros apropiados, segundo proceda. Cumprirase o RD 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, no que lle sexa de aplicación.

Os medios auxiliares a empregar dotaranse das medidas de protección necesarias para evitar que materiais e ferramentas poidan caer á rúa, a fin de non comprometer a seguridade pública. No caso de que sexa necesario a ocupación de parte da vía pública con estadas ou similar, deberá resolverse o paso dos viandantes en condicións adecuadas de seguridade e se é necesario desviar o tráfico peonil. Antes da realización das obras deberá solicitarse autorización para que, por parte dos servizos técnicos do concello, se dean as indicacións oportunas para a súa correcta disposición.

3º.- Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisible. Poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación; acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Dáse conta de que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública con rexistro de entrada neste concello número 202199900000122 de data 03/03/2021.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente as obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de noventa e cinco euros con setenta e oito céntimos (#95,78#)

2.6.- Comunicación de obra de D. José Luís Canicoba Carrillo. (Expediente número 2024/U026/000078)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don José Luis Canicoba Carrillo para reconstrución de muro de pedra, aproximadamente 27 metros de largo, ata unha altura de 1,40 metros.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 000600900NH43D, emprazada en Feal, 43 - Ribadulla (San Mamede), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais. (N-1), e cun prazo de execución de 12 meses.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.7.- Instancia núm. 202499900000387 de D. Mario Mougán Valdés. (Expediente número 2024/U022/000010)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado solicita licenza para obras de ampliación de explotación de vacún existente (436,50 m²), construción fosa de xurro (321,36 m²) construción de estercorario (185,40 m²) e construción de soleiras (603,44 m²) en Fufín, 3 - Vedra (expediente núm.: 2024/U022/000010), en solo cualificado como “Solo rústico de especial protección agropecuaria. (R-2)”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada, proxecto básico, asinada por José Ramón González Rodríguez, en calidade de enxeñeiro técnico agrícola e un presuposto de execución material de 220.847,00 euros.

As actuacións cumpren, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan xeral de ordenación municipal deste concello de Vedra e executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 000301000NH43E.

Dáse conta tamén das seguintes autorizacións/informes sectoriais:

-Resolución da Dirección xeral do patrimonio cultural, expediente 2831/24, que autoriza as actuacións solicitadas coas condicións que figuran no apartado 2 dos antecedentes da resolución de data 30/09/2024. Catálogo vixente PXOM, B-71.

-Da Consellería do Medio Rural, expediente con referencia 2024/ 2497843, de data 18/10/2024 en sentido favorable.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras ou actuacións atender ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza. O incumprimento dos prazos sinalados determinará a caducidade da licenza, previa incoación de expediente de caducidade con audiencia ao interesado. Os prazos sinalados poderán prorrogarse de conformidade co establecido na lexislación vixente.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por José Ramón González Rodríguez de data 13/08/2024, sen que se poida alterar o proxecto ou actuacións autorizadas, se previamente non se solicita e obtén do concello de Vedra a autorización expresa para tal alteración.

Coa advertencia ao interesado de que non poderá iniciar as obras ata que sexa informado favorablemente e se autorice expresamente o proxecto de execución que desenvolva o proxecto básico aprobado, así coma os oficios de dirección de execución preceptivos. Así mesmo achegarase declaración responsable do técnico redactor na que se faga constar:

- Que o proxecto de execución se axusta e desenvolve as determinacións do proxecto básico que obtivo licenza. De non ser así especificaranse as modificacións na memoria e nos planos.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



- Que contén a totalidade da documentación recollida no código técnico da edificación así como a que se esixe para cada tipo de intervención na ordenanza municipal reguladora da tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa.

Previo ao inicio das actuacións deberá achegarse oficio de dirección de execución e coordinación.

As obras deberán adaptarse ao disposto no R.D. 1627/1997, do 24 de outubro, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, quedando baixo a responsabilidade do promotor o cumprimento do mesmo.

O promotor responderá dos posibles danos que se causen no espazo público con motivo da execución das obras ou actuacións. No caso de ser preciso o valado da obra ou actuación deberá reunir as debidas condicións de seguridade para a protección da vía pública e estarán debidamente sinalizados, especialmente durante a noite. Non será preciso o permiso de valado cando a obra ou actuación se realice no interior da parcela, sen afectar á vía pública. Os medios auxiliares a empregar dotaranse das medidas de protección precisas para evitar, de ser o caso, que materiais e ferramentas poidan caer á rúa, a fin de non comprometer a seguridade pública. No caso de ser preciso a ocupación de parte da vía pública con estadas ou similar, deberá resolverse o paso dos viandantes en condicións axeitadas de seguridade. Se é preciso desviar o tráfico peonil antes da realización das obras deberá solicitarse autorización para que, por parte dos servizos técnicos municipais, se dean as indicacións oportunas para a súa correcta disposición. Disporanse os medios auxiliares precisos para non afectar nin provocar prexuízos ás edificacións lindadeiras ou a terceiros.

Non se afectará ningún elemento da vía ou do espazo público (pavimentos, beirarrúas, canalizacións, etc..) que non foran autorizados polo concello.

Os residuos de construción producidos durante a execución das obras deberán ser entregados a xestores autorizados para o seu tratamento en plantas de reciclaxe ou depósito en vertedoiros autorizados.

Os traballos realizaranse baixo a vixilancia do persoal encargado do mantemento das redes de abastecemento e saneamento cando estas existan na zona da actuación.

A licenza concedida non autoriza a execución de peches nin valados na parcela non reflectidos no proxecto.

Durante a execución das obras ou actuacións o persoal dos servizos técnicos municipais do concello de Vedra poderá inspeccionar os traballos sempre que o xulguen conveniente ou o ordene a autoridade municipal.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-Impostos sobre construcións, instalacións e obras (provisional): catro mil catrocentos dezaseis euros con noventa e catro céntimos (#4.416,94#).

Os interesados ingresarán, na conta sinalada para os efectos, o importe da liquidación.

Coa certificación final de obra deberá achegarse a liquidación definitiva da obra ou actuación para o cálculo final do imposto de construcións, instalacións e obras.

2.8.- Instancia núm. 202499900001096 de D. Jesús Moruja González. (Expediente número 2024/U023/000003)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Dáse conta da citada instancia na que o interesado solicita licenza para desmontar parcialmente unha vivenda unifamiliar tradicional no ámbito do PE-1. Ponte Ulla en Figueiredo, 8 - Ponte Ulla (expediente núm.: 2024/U023/000003) nos termos da documentación técnica achegada asinada por Jorge Vales Fernández en calidade de arquitecto e de data outubro 2024.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 8966308NH4386N.

Dáse conta da autorización emitida pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, expediente 3412/24, en sentido favorable coas seguintes condicións:

-O desmorte parcial da vivenda queda condicionado á execución das obras de reconstrución, obxecto de resolución do expediente desta dirección xeral número 3203/24.

-Limitaranse á retirada de elementos ou partes das construcións a aquelas que sexan estritamente necesarias por razóns técnicas de esgotamento dos elementos construtivos e/ou seguridade.

-A pedra que vaia ser retirada deberá almacenarse correctamente para a súa reutilización na reconstrución posterior. Especial coidado merece o desmorte dos perpiaños que conforman os ocos, elementos que deberán ser recolocados na súa posición orixinal.

-En aplicación do artigo 43 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, tras finalizar a intervención, no prazo máximo de seis meses, deberá achegarse a esta Dirección Territorial, un exemplar, incluído o seu soporte dixital, dunha memoria final redactada por profesional cualificado que documente adecuadamente todo o proceso levado a cabo e que inclúa un estudo e unha reportaxe fotográfica a cor comparativa do estado inicial e final.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras ou actuacións axustarse ás seguintes condicións:

1º.- As actuacións comezarán nun prazo máximo de 6 meses dende que fose notificado o outorgamento da licenza, condiciónanse á execución das actuacións de reconstrución obxecto do expediente municipal 2024/U022/000033, e finalizarán nun prazo máximo dun (1) ano. Poderanse solicitar prórrogas dos referidos prazos consonte ao disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e nas condición impostas polo artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2º.-. As obras ou actuacións axustaranse ás seguintes condicións:

-Executaranse conforme á documentación técnica achegada de data outubro de 2024 e atendendo ás condicións sinaladas no informe emitido por patrimonio cultural no expediente 3412/24 e baixo a supervisión de dirección facultativa formada por técnicos competentes, nos termos que establece a Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación.

-Entenderase concedida a licenza sen prexuízo a terceiros e salvando o dereito de propiedade.

-Deberán adaptarse ao disposto no R.D. 1627/1997, do 24 de outubro, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, quedando baixo a responsabilidade do promotor o cumprimento do mesmo. Ademais e de acordo co artigo 3 do mesmo R.D. 1627/1997, se na obra interveñen máis dunha empresa ou traballadores autónomos, o promotor deberá nomear un coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra, informando ao concello e á autoridade laboral competente.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



-Os residuos derivados da obra deberán ser entregados a xestores autorizados para o seu tratamento en plantas de reciclaxe ou depósito en vertedoiros apropiados, segundo proceda. Cumprirase o RD 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, no que lle sexa de aplicación.

-Os medios auxiliares a empregar dotaranse das medidas de protección necesarias para evitar que materiais e ferramentas poidan caer á rúa, a fin de non comprometer a seguridade pública. No caso de que sexa necesario a ocupación de parte da vía pública con estadas ou similar, deberá resolverse o paso dos viandantes en condicións adecuadas de seguridade e se é necesario desviar o tráfico peonil antes da realización das obras deberá solicitarse autorización para que, por parte dos servizos técnicos municipais, se dean as indicacións oportunas para a súa correcta disposición.

-Disporanse os medios auxiliares necesarios para non afectar nin provocar prexuízo ás edificacións lindeiras ou a terceiros.

-Non se afectará a ningún elemento da vía ou do espazo público (pavimentos, beirarrúas, canalizacións, etc.), que non foran autorizados polo concello.

-Os traballos realizaranse baixo a vixilancia do persoal encargado do mantemento e explotación das redes de auga e saneamento así como de gas ou electricidade, co fin de que non se afecte ao óptimo funcionamento destes servizos.

-O promotor responderá dos posibles danos que se causen no espazo público con motivo da execución das obras, trasfega de maquinaria, etc.

-As obras cumprirán ademais as disposicións do código técnico da edificación que lle resulten de aplicación, debendo garantirse o seu cumprimento durante a execución.

3º.- Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta euros (#50,00#)

2.9.- Instancia núm. 202499900001020 de D. Jesús Moruja González. (Expediente número 2024/U022/00003).

Dáse conta da citada instancia na que o interesado solicita licenza para obras de reconstrución de fachada e cuberta en edificación de 166 m² de superficie construída en Figueiredo, 8 - Ponte Ulla, no ámbito do PE-1. Ponte Ulla (expediente núm.: 2024/U022/00003), nos termos da documentación técnica achegada asinada por Jorge Vales Fernández, en calidade de arquitecto, e un presuposto de execución material de 37.021,72euros.

Dáse conta da autorización emitida pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, no expediente 3203/24, en sentido favorables coas seguintes condicións:

-O beirado (encontro da cuberta coa fachada) resolverase de xeito tradicional: lousa de granito(soleira ou capia) voando entre dez e quince centímetros da cara exterior do muro e, sobre ela colocarse a tella voando, tamén, uns centímetros con respecto ao bordo da soleira.

-De instalarse canlóns e baixantes, estas terán sección semicircular e circular, respectivamente e, conforme indica a ficha correspondente, serán de zinc ou aceiro galvanizado.

-En aplicación do artigo 43 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, tras finalizar a intervención, no prazo máximo de seis meses, deberá achegarse a esta Dirección



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Territorial, un exemplar, incluído o seu soporte dixital, dunha memoria final redactada por profesional cualificado que documente adecuadamente todo o proceso levado a cabo e que inclúa un estudo e unha reportaxe fotográfica a cor comparativa do estado inicial e final.

-En atención ao nivel de protección da casa, e tendo en conta que neste proxecto só se programa a reconstrución da envolvente do edificio, cómpre lembrar que a rehabilitación interior da vivenda requirirá de autorización desta consellería. A tal fin, remitirase o proxecto de rehabilitación correspondente.

As actuacións cumpren, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra e executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 8966308NH4386N.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras ou actuacións atender ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza. O incumprimento dos prazos sinalados determinará a caducidade da licenza, previa incoación de expediente de caducidade con audiencia ao interesado. Os prazos sinalados poderán prorrogarse de conformidade co establecido na lexislación vixente.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por Jorge Vales Fernández, de data 01/10/2024, sen que se poida alterar o proxecto ou actuacións autorizadas, se previamente non se solicita e obtén do concello de Vedra a autorización expresa para tal alteración. Tendo en conta que a actuación afecta só á envolvente do edificio sinalar que o acondicionamento interior debe ser obxecto de novo proxecto.

Previo ao inicio das actuacións deberá achegarse oficio de dirección de execución e coordinación.

As obras deberán adaptarse ao disposto no R.D. 1627/1997, do 24 de outubro, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, quedando baixo a responsabilidade do promotor o cumprimento do mesmo.

O promotor responderá dos posibles danos que se causen no espazo público con motivo da execución das obras ou actuacións.

No caso de ser preciso o valado da obra ou actuación deberá reunir as debidas condicións de seguridade para a protección da vía pública e estarán debidamente sinalizados, especialmente durante a noite. Non será preciso o permiso de valado cando a obra ou actuación se realice no interior da parcela, sen afectar á vía pública.

Os medios auxiliares a empregar dotaranse das medidas de protección precisas para evitar, de ser o caso, que materiais e ferramentas poidan caer á rúa, a fin de non comprometer a seguridade pública.

No caso de ser preciso a ocupación de parte da vía pública con estadas ou similar, deberá resolverse o paso dos viandantes en condicións axeitadas de seguridade. Se é preciso desviar o tráfico peonil antes da realización das obras deberá solicitarse autorización para que, por parte dos servizos técnicos municipais, se dean as indicacións oportunas para a súa correcta disposición.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.gal



Disporanse os medios auxiliares precisos para non afectar nin provocar prexuízos ás edificacións lindeiras ou a terceiros.

Non se afectará ningún elemento da vía ou do espazo público (pavimentos, beirarrúas, canalizacións, etc..) que non foran autorizados polo concello.

Os residuos de construción producidos durante a execución das obras deberán ser entregados a xestores autorizados para o seu tratamento en plantas de reciclaxe ou depósito e vertedoiros autorizados.

A licenza concedida non autoriza a execución de peches nin valados na parcela non reflectidos no proxecto.

Durante a execución das obras ou actuacións o persoal dos servizos técnicos municipais do concello de Vedra poderá inspeccionar os traballos sempre que o xulguen conveniente ou o ordene a autoridade municipal.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-Impostos sobre construcións, instalacións e obras (provisional): setecentos corenta euros con corenta e tres céntimos (#740,43#).

Os interesados ingresarán, na conta sinalada para os efectos, os importes das liquidacións de dereitos resultantes do expediente e, logo de acreditado o pagamento, expedirase a licenza.

Coa certificación final de obra deberá achegarse a liquidación definitiva da obra ou actuación para o cálculo final do imposto de construcións, instalacións e obras.

2.10.- Instancia de D^a. María Elena Cabo Carreira. (Expediente número 2023/U018/000008)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada solicita licenza para agrupamento e parcelamento de fincas estremeiras en Sobredo - Vilanova (San Pedro), nos termos da documentación técnica achegada asinada por José M. Pena Alonso en calidade de enxeñeiro técnico agrícola e de data 23/05/2023.

Consta no expediente informe dos servizos técnicos municipais en sentido desfavorable.

Consta no expediente o traslado á solicitante do contido do informe técnico municipal; as alegacións emitidas pola interesada; a resposta á consulta formulada polo concello á Xunta consultiva da dirección xeral de urbanismo e o traslado á interesada da desestimación das alegacións e do contido do informe autonómico.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe dos servizos técnicos municipais, acorda denegar a licenza para parcelamento da finca descrita no proxecto mencionado, emprazada no lugar de Sobredo - Vilanova (San Pedro), por non axustarse o parcelamento solicitado ao contido do artigo 149 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

3º.- Dar conta de Resolucións da Presidencia.

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía do mes de novembro:

DECRETO	DATA	ASUNTO
---------	------	--------



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



740	04/11/2024	Concesión de axuda de emerxencia social
741	04/11/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
742	04/11/2024	Redución intensidade SAF, modalidade libre concorrancia, a JLMF
743	04/11/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade madrugadores, correspondente ao mes de novembro
744	04/11/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
745	04/11/2024	Cambios de domicilio no padrón municipal de habitantes
746	04/11/2024	Aprobación gastos en concepto de axudas de custo ás persoas participantes no programa de voluntariado interxeracional no medio rural Entretempos (Talento interxeracional 2024)
747	04/11/2024	Baixa no SAF, libre concorrancia de MFV
748	04/11/2024	Aprobación e orde de pagamento da taxa para a expedición de certificados do programa de voluntariado interxeracional 2024
749	04/11/2024	Aprobación dos gastos en concepto de axudas de custo aos participantes no proxecto do voluntariado sénior
750	04/11/2024	Aprobación e orde de pagamento da taxa para a expedición de certificados do programa de voluntariado sénior <i>A maiores 2024</i>
751	04/11/2024	Aprobación da solicitude de cancelación da operación de crédito a curto prazo (póliza) por importe de 400.000 euros coa entidade Abanca Corporación Bancaria S.A. e concertación dunha operación de crédito a curto prazo (póliza) por importe de 300.000 euros coa mesma entidade.
752	04/11/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade ludoteca, correspondente ao mes de novembro
753	05/11/2024	Adxudicación contrato de servizos de execución das actuacións de carácter supramunicipal do Plan de sustentabilidade turística en destino, novas experiencias enogastronómicas e incremento da cota de mercado en destino (PSTD Terras de Compostela) (Expediente 2024/C004/000002)
754	05/11/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria da actividade de inglés, correspondente ao mes de outubro
755	05/11/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade ludoteca e madrugadores, por días soltos no mes de novembro
756	05/11/2024	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestación varias incluídos na relación de facturas F.2024.39 por importe de 13.153,64 euros
757	05/11/2024	Aprobación da conta xustificativa da subvención concedida para a execución do programa de voluntariado interxeracional no medio rural Entretempos (Talento interxeracional-Fondos NexGenerationEU)
758	05/11/2024	Aprobación da conta xustificativa da subvención concedida para a execución do programa de voluntariado sénior <i>A maiores 2024</i>
759	05/11/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade ludoteca, correspondente ao mes de novembro
760	06/11/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria da actividade excursións da terceira idade realizadas no mes de outubro
761	06/11/2024	Aprobación do novo convenio de colaboración entre a Deputación



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		Provincial e o Concello de Vedra para a implantación da administración electrónica
762	06/11/2024	Alta no SAF, libre concorrencia de AVA
763	06/11/2024	Aprobación certificación única da obra de Acondicionamento interior dun obradoiro de produtos agrícolas en San Mamede e factura correspondente da adxudicataria M.C. Mapoca, S.L por importe de 36.299,90 euros
764	06/11/2024	Aprobación xustificantes de gastos vinculados á subministración de enerxía eléctrica incluídos na relación de facturas F.2024.37 por importe de 16.195,43 euros
765	06/11/2024	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a telefonía e internet incluídos na relación de facturas F.2024.38 por importe de 5.289,73 euros
766	07/11/2024	Adhesión do Programa de financiamento dos servizos sociais básicos comunitarios
767	07/11/2024	Delegación especial a favor da concelleira dona Diana Varela Barreiro para a celebración de matrimonio civil o día 07.12.2024
768	07/11/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de EIM, concepto de comedor, do mes de outubro
769	07/11/2024	Designación de representante do concello no consello escolar do CPI de Vedra
770	07/11/2024	Extinción relación laboral e orde de pagamento de indemnización a Rosario Canicoba Castro por despedido improcedente, en cumprimento de sentenza 279/24 do Xulgado do Social nº 1 de Santiago de Compostela
771	08/11/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de axuda no fogar (SAF), modalidade dependencia, do mes de outubro
772	08/11/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de axuda no fogar (SAF), modalidade libre concorrencia, do mes de outubro
773	08/11/2024	Aprobación liquidación taxa a Ménsula Iniciativas Turísticas e Culturais, S.L pola formalización de contrato de servizos de execución das actuacións supramunicipais do PSTD Terras de Compostela
774	08/11/2024	Aprobación da conta xustificativa da subvención directa (convenio) concedida polo Agader para o proxecto senlleiro de acondicionamento interior dun obradoiro compartido para a elaboración de produtos agrícolas en San Mamede
775	08/11/2024	Solicitude ao GDR- Terras de Compostela do anticipo do importe asignado para a contratación das actuacións supramunicipais do PSTD Terras de Compostela, segundo convenio.
776	08/11/2024	Aprobación da conta xustificativa da subvención nominativa concedida á Asociación Escola de Música de Vedra e orde de pagamento segundo convenio.
777	08/11/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
778	08/11/2024	Cambios de domicilio no padrón municipal de habitantes
779	11/11/2024	Designación de representante do concello no consello escolar do CEIP Ortigueira
780	11/11/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
781	11/11/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de actividades deportivas correspondente ao 1º cuadrimestre da tempada 2024/2025



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



782	11/11/2024	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestación varias incluídos na relación de facturas F.2024.41 por importe de 197.327,12 euros
783	12/11/2024	Alta no servizo municipal de abastecemento de auga da vivenda núm. 11 de Vista Alegre –Ponte Ulla
784	12/11/2024	Alta no servizo municipal de abastecemento de auga da vivenda núm. 14 de Feal- San Mamede de Ribadulla
785	12/11/2024	Alta no servizo municipal de abastecemento de auga da vivenda núm. 39 de Laraño – San Xián de Sales
786	12/11/2024	Alta no servizo municipal de abastecemento de auga da vivenda núm. 3 de Fontao-Vedra
787	12/11/2024	Alta no servizo municipal de abastecemento de auga da vivenda núm. 18 de Sales – San Fins de Sales
788	12/11/2024	Alta no servizo municipal de abastecemento de auga da vivenda núm. 49 de Viño grande – San Andrés de Illobre
789	12/11/2024	Alta no servizo municipal de abastecemento de auga da vivenda núm. 41 de Viño grande – San Andrés de Illobre
790	12/11/2024	Alta no servizo municipal de abastecemento de auga da vivenda núm. 42 de Viño grande – San Andrés de Illobre
791	12/11/2024	Alta no servizo municipal de abastecemento de auga da vivenda núm. 5 de Viño grande – San Andrés de Illobre
792	12/11/2024	Alta no servizo municipal de abastecemento de auga da vivenda núm. 2 de Viño grande – San Andrés de Illobre
793	12/11/2024	Alta no servizo municipal de abastecemento de auga da vivenda núm. 8 de Figueiredo – Ponte Ulla
794	12/11/2024	Alta no servizo municipal de abastecemento de auga da vivenda núm. 44 de Viño grande – San Andrés de Illobre
795	12/11/2024	Aprobación certificación final da obra de construción de parque infantil na contorna da escola unitaria de San Xián de Sales e factura correspondente da adxudicataria Padinsa Salnés, S.L, por importe de 39.370,36 euros
796	12/11/2024	Arquivo de expediente de rehabilitación e ampliación de vivenda en Ribeira, 8 – San Pedro de Sarandón, a pedimento de parte interesada.
797	12/11/2024	Adhesión ao Programa PEL Deputación 2025 e solicitude de subvención para a contratación de 3 peóns de obras públicas e 1 axudante recollida de lixo.
798	12/11/2024	Expediente limpeza de finca en A Ferreira – San Fins de Sales
799	13/11/2024	Aprobación conta xustificativa da subvención concedida para a construción de parque infantil na contorna da escola de San Xián de Sales
800	13/11/2024	Solicitude de subvención á Deputación para a realización de actividades de promoción económica 2025: Campañas de promoción de produtos locais Son Vedra 2025
801	13/11/2024	Modificación factura do servizo de abastecemento de auga por rectificación de metros cúbicos consumidos
802	14/11/2024	Concesión de axuda de emerxencia social
803	14/11/2024	Concesión de axuda de emerxencia social
804	14/11/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
805	14/11/2024	Solicitude de subvención á Deputación para o financiamento de gasto de persoal das oficinas de turismo para 2025 (contratación externa)
806	14/11/2024	Altas no padrón municipal de habitantes



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



807	15/11/2024	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a pagamentos pendentes de aplicar ao orzamento (concepto non orzamentario 40100) por importe de 5.516,68 euros
808	15/11/2024	Aprobación xustificantes de gastos vinculados á empresa Droguería –Ferretería El Sol, S.L por importe de 4.125,28 euros
809	15/11/2024	Designación Vogal 4º na Mesa de Contratación da obra de Ampliación da rede de abastecemento a Picón (Vilanova) (POS +Adicional 2/2024)
810	15/11/2024	Aprobación da conta xustificativa da subvención nominativa concedida ao Clube de Montaña Vértice e orde de pagamento segundo convenio.
811	15/11/2024	Aprobación da conta xustificativa da subvención nominativa concedida á A.C. Ensino da Arte da Música (Escola Música de Santa Cruz do Concello de Vedra) e orde de pagamento segundo convenio.
812	18/11/2024	Solicitud de subvención á Deputación Provincial para Técnico/a de xestión cultural no ano 2025
813	18/11/2024	Aprobación conta xustificativa da subvención nominativa concedida á ANPA Val do Ulla do CRA Boqueixón –Vedra e orde de pagamento segundo convenio
814	18/11/2024	Solicitud de subvención á Deputación para gastos de persoal técnico nos servizos municipais de deporte en 2025
815	18/11/2024	Aceptando proposta da órgano de asistencia do concurso para a adxudicación de dúas licenzas de taxi: núm. 3 (vehículo adaptado) e núm. 4
816	18/11/2024	Cambios de domicilio no padrón municipal de habitantes
817	18/11/2024	Cambio de titularidade de recibo da taxa de recollida de lixo da vivenda núm. 39 de Laraño – San Xián de Sales
818	18/11/2024	Cambio de titularidade de recibo da taxa por rede de sumidoiros da vivenda núm. 39 de Laraño – San Xián de Sales
819	18/11/2024	Indemnizacións á Vogal 4ª- Mesa de Contratación do PSTD Terras de Compostela
820	19/11/2024	Solicitud de subvención á Deputación para a campaña de socorrismo 2025
821	19/11/2024	Solicitud de subvención á Deputación para actividades de envellecemento activo e actuacións de loita contra a soidade non desexada no ano 2025
822	20/11/2024	Adxudicación instalación da iluminación decorativa de Nadal a Montaxes Eléctricas Fernández S.L
823	20/11/2024	Cambios de domicilio no padrón municipal de habitantes
824	22/11/2024	Aprobación e orde de pagamento das indemnizacións a Josefa Fernández Fernández como Vogal 4ª da Mesa de Contratación das actuacións supramunicipais do PSTD Terras de Compostela
825	22/11/2024	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestación varias incluídos na relación de facturas F.2024.43 por importe de 113.355,48 euros
826	22/11/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
827	22/11/2024	Adhesión ao convenio suscrito entre o Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática e a FEMP para o programa <i>A Administración preto de ti</i>
828	22/11/2024	Aprobación certificación núm. 5 e última da obra de colectores de saneamento de Fontao
829	22/11/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria da



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		actividade de inglés, do mes de novembro
830	22/11/2024	Adxudicación obra de Reforma e mellora de camiños en Gundián, Sobredo e outros (POS + 2024) a Construcciones y obras Taboada Ramos S.L.U (Expediente 2024/C003/000002)
831	22/11/2024	Aprobación e orde de pagamento de nóminas do mes de novembro
832	25/11/2024	Designación de coordinador de seguridade e saúde da obra de Reforma e mellora de camiños en Gundián, Sobredo e outros (POS +2024)
833	25/11/2024	Cambio de titularidade do recibo da taxa de recollida de lixo da vivenda núm. 1 de Calzande – San Xián de Sales
834	25/11/2024	Delegación especial a favor da concelleira dona Diana Varela Barreiro para a celebración de matrimonio civil o 30.11.2024
835	25/11/2024	Aprobación expediente de contratación da obra de Ampliación abastecemento a San Miguel de Sarandón (POS + Adicional 2/2024)
836	25/11/2024	Cambio de titularidade do recibo da taxa de recollida de lixo da vivenda núm. 38 de Pousada de Abaixo –Vedra
837	26/11/2024	Cambios de domicilio no padrón municipal de habitantes
838	26/11/2024	Aprobación listaxe definitiva de persoas admitidas/excluídas, designación da comisión de selección, e data, hora e lugar da realización das probas da fase de oposición da praza técnico/a de xestión cultural e actividades
839	26/11/2024	Cambio de titularidade recibo da taxa por rede de sumidoiros da vivenda núm. 3 de Nande – San Fins de Sales
840	26/11/2024	Cambio de titularidade recibo da taxa por recollida de lixo da vivenda núm. 3 de Nande – San Fins de Sales
841	26/11/2024	Cambio de titularidade recibo da taxa por recollida de lixo da vivenda núm. 6 de Francés – San Pedro de Vilanova
842	27/11/2024	Cambio de titularidade recibo da taxa por recollida de lixo da vivenda núm. 3 de Viño grande – San Andrés de Illobre
843	27/11/2024	Autorización flexibilidade de xornada por coidado de fillos a traballador municipal
844	28/11/2024	Suspensión temporal asistencia á EIM por causas médicas a RRB
845	28/11/2024	Arquivo de expediente de solicitude de praza na EIM por non aceptar a mesma en prazo
846	28/11/2024	Autorización para conexión á rede de sumidoiros da vivenda núm. 26 de Cibrán – San Xián de Sales
847	28/11/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
848	28/11/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
849	29/11/2024	Cambio de frecuencia na asistencia ao Programa Conxuga, modalidade ludoteca, de IMV
850	29/11/2024	Cambio de frecuencia na asistencia ao Programa Conxuga, modalidade ludoteca, de ANN

A Xunta de Goberno dáse por informada.

4º.- Outros asuntos.

Non se presentan.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e cinco minutos.